



Concello de Ortigueira

Expediente: 911/2026

Procedemento: Selección de persoal e provisión de postos

Asunto: Proceso selectivo para a contratación do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego “Terras do Ortegal III”, promovido polos concellos de Ortigueira, Cariño, Mañón e Cerdido na especialidade “Atencións socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais” e a contratación do alumnado-traballador na especialidade “Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería.

Designación do Tribunal.

ANUNCIO

1.- Por resolución da alcaldía número 2026-de data 21 de maio de 2026 designase as seguintes persoas como membros do Comité de Selección do persoal alumnado traballador do obradoiro dual de emprego Terras do Ortegal III, así como a citación dos candidatos preseleccionados, que de seguida se insire:

“ANTECEDENTES

1.-Por resolución da alcaldía número 2026-0534 de data 14/05/2026, e rectificadas por resolución da alcaldía número 2026-0536 de data 14/05/2026 e resolución número 2026-0541 de data 15/05/2026 foron aprobadas as bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego Terras do Ortegal III, promovido polos Concellos de Ortigueira, Cariño, Mañón e Cerdido na especialidade “Actividades auxiliares de viveiros, xardíns e centros de xardinería”, na modalidade de contrato para a formación e emprego, categoría peón Grupo 5 do convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Ortigueira.

Así como as bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego Terras do Ortegal III, promovido polos Concellos de Ortigueira, Cariño, Mañón e Cerdido na especialidade “Atencións socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais”, na modalidade de contrato para a formación e emprego, categoría peón Grupo 4 do convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Ortigueira.

2.-O texto íntegro das Bases reguladoras foi publicado no taboleiro de novas da sede electrónica do Concello de Ortigueira, en data 14/05/2026, e deuse traslado aos demais concellos para o seu coñecemento e oportuna publicación.

3.- Na base sétima das bases reguladoras dos procesos selectivos para a contratación de alumnado traballador do obradoiro de emprego Terras do Ortegal III, promovidos polos concellos de Ortigueira, Cariño, Mañón e Cerdido nas especialidades de “Actividades auxiliares de viveiros, xardíns e centros de xardinería”, na modalidade de contrato para a formación e emprego, categoría peón Grupo 5 do convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Ortigueira, e na especialidade “Atencións socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais”, na modalidade de contrato para a formación e emprego, categoría peón Grupo 4 do convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Ortigueira; establece:

“A avaliación das probas ou méritos previstos nestas bases para a selección dos aspirantes corresponderalle a unha comisión de selección cuxos membros serán empregados públicos dos Concello de Ortigueira, Cariño, Mañón e Cerdido designados pola Alcaldía. Estará integrada por tres membros, un dos cales actuará como presidente e outro como vogal-secretario, e os seus respectivos suplentes.”

4.- Conforme o establecido na base oitava das bases reguladoras dos procesos selectivos do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego Terras do Ortegal III, promovido polos Concellos de Ortigueira, Cariño, Mañón e Cerdido nas dúas especialidades previstas;

“Á vista do anterior, a comisión de selección en primeiro lugar realizará unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o interese da persoa candidata en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, entrevista que se valorará con 5 puntos.”

JOSE VALENTIN CALVIN FONDEVILA (1 para 1)
Alcalde
Date de Signature: 21/05/2026
HASH: 5424e8b176ba731611693b01652ca8d0



Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536



Cod. Validación: 3WAH4QSR7P33HESWQDPX3THLH
Corrección: <https://ortigueira.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Ortigueira

RESOLVO

Primeiro.- Designar aos seguintes persoas como membros do Comité de selección do persoal alumnado traballador do obradoiro dual de emprego Terras do Ortegai III, promovido polos Concellos de Ortigueira, Cariño, Mañón e Cerdido nas dúas especialidades previstas:

“Actividades auxiliares de viveiros, xardíns e centros de xardinería” e

“Atencións sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais

TITULARES:	Nome e apelidos	Posto
Presidente	María Mercedes Alvarez Casas	Orientadora laboral. Concello de Ortigueira
Vogal 1	María Natividad Rubido Martínez	Traballadora social. Concello de Mañón
Vogal Secretario	Diego Rodríguez Piñón	Traballador Social. Concello de Cerdido

SUPLENTES:	Nome e apelidos	Posto
Presidente	Francisco J.Fernández Carreja	AEDL. Concello de Ortigueira
Vogal 1	Cristina Alvarez Fojo	Administrativa Servizos Sociais. Concello de Mañón
Vogal Secretario	Margarita Fraguela Panceira	Auxiliar Administrativo. Concello de Cariño

Segundo.- Citar aos candidatos, previamente seleccionados polo SEPE, a realización da entrevista persoal o día **27 de maio de 2026 as 10:00 horas no salón de Plenos do Concello de Ortigueira.**

Terceiro.- Publíquese a presente resolución no taboleiro de novas da sede electrónica do Concello de Ortigueira.

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución aos Concellos de Cerdido, Manón e Cariño a fin da súa publicación nas sedes electrónicas correspondentes.”

O que se informa para xeral coñecemento.

Documento asinado dixitalmente.

O alcalde

José Valentín Calvín Fondevila.

Concello de Ortigueira

